



Concello da Pobra do Caramiñal

Expte nº: 3878/2018

PROPOSTA AO PLENO DA CORPORACIÓN

ASUNTO: APROBACION PROVISIONAL DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO 02/18

Vista a necesidade de executar neste exercicio 2018 os seguintes investimentos, que se detallan na memoria da alcaldía que figura no expediente:

PROXECTO	ORZAMENTO	APLICACION ORZAMENTARIA	
Reforma edificio do concello	180.388,99 €	933	632
Adquisición de camión de protección civil	50.000,00 €	135	62400
Intervención de conservación e restauración das fachadas da Torre Bermúdez	73.377,59 €	336	63200
Reforma integral do Camiño Real (fase I)	102.686,32 €	1532	61900
	406.452,90 €		

Visto que nas aplicacións orzamentarias a que se imputan cada un dos investimentos non existe crédito orzamentario.

Visto que é posible a financiación deste investimento co Remanente de tesourería para gastos xerais, aplicando parte do superavit orzamentario do exercicio 2017. Así, o Remanente de tesourería da liquidación do ano 2017 foi de 721.023,97 €, e o superavit orzamentario cos axustes SEC en termos de contabilidade nacional, foi de 1.132.587,23 €. Do remanente total empregáronse 314.398,78 € para o crédito extraordinario 01/18 para a realización de investimentos de mellora do Polideportivo da rúa Venecia. Así pois, quedan dispoñibles 406.625,19 € que se poden empregar para financiar este crédito extraordinario. A estes efectos, os investimentos para cuxa realización se propón este crédito extraordinario, teñen a consideración de investimento financeiramente sostible, tal e como está definido na Disposición Adicional 16ª do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Visto o informe da Intervención municipal que figura no expediente.

Propónse ao Pleno a aprobación do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente o crédito extraordinario num. 02/18, por un importe total de 406.452,90 € nas aplicacións de gastos e conceptos de ingresos seguintes:

PROGRAMA	ECONOMICA	PROXECTO	IMPORTE
----------	-----------	----------	---------

Concello da Pobra do Caramiñal



Concello da Pobra do Caramiñal

933	632	Reforma edificio do concello	180.388,99 €
135	62400	Adquisición de camión de protección civil	50.000,00 €
336	63200	Intervención de conservación e restauración das fachadas da Torre Bermúdez	73.377,59 €
1532	61900	Reforma integral do Camiño Real (fase I)	102.686,32 €
		TOTAL	406.452,90 €

SUBCONCEPTO DE INGRESOS:

SUBCONCEPTO	DENOMINACION	IMPORTE
87000	Remanente de tesourería para gastos xerais	406.452,90 €

SEGUNDO.- Expoñer ao público este expediente polo prazo de quince días hábiles, mediante a inserción do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos, conforme ó disposto no art. 169 do RD Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e art. 20.1 do R.D. 500/90 de 20 de abril. Se ó término do período de exposición pública, non se presentaran reclamacións, considerarase definitivamente aprobado, inseríndose, resumido por Capítulos no Boletín Oficial da Provincia, según establece o art. 169.3 do citado Texto Refundido (RDL 2/2004), en consonancia co art. 20.3 do R.D. 500/90 de 20 de abril.

A Pobra do Caramiñal,

O alcalde

José Luis Piñeiro García